



Xan da Ulla, un pseudónimo triplo entre o xornalismo e a cultura

Henrique Neira Pereira
valdoulla@yahoo.es

Resumo. O pseudónimo Xan da Ulla foi utilizado historicamente, que saibamos, por tres persoas: o mestre e escritor Manuel García Barros (1876-1972), o colaborador de *El Estradense* Manuel Muíños Graña (1877-1965) e o xornalista José Rey-Alvite Feás (1919-1991). Os dous primeiros empregárono na prensa da vila da Estrada e o terceiro nas súas intervencións en Radio Galicia arredor de 1950. Este último é quizais o máis descoñecido e a el imos dedicar a maior parte do artigo.

Abstract. The pseudonym Xan da Ulla was historically used, as far as we know, by three people: Manuel García Barros (1876-1972), school teacher and writer; Manuel Muíños Graña (1877-1965), contributor to *El Estradense*; and the journalist José Rey-Alvite Feás (1919-1991). The first two used this name in the A Estrada press and the third one in Radio Galicia around 1950. The latter is perhaps the most unknown and most of the article is dedicated to him.

A figura de García Barros xa foi estudada polo miúdo por Xoán Carlos Garrido no seu libro *Manuel García Barros. Loitando sempre* (Lugo, Edicións Fouce, 1995), onde nos explica que o mestre e escritor era un dos principais colaboradores do periódico *El Estradense* (1906-1909) e que nel facía uso frecuente dos pseudónimos (p. 52):

Sae o primeiro número do xornal o 15 de Decembro de 1906, nel ningún artigo ía asinado. En diante usaranse continuamente distintos pseudónimos para escapar á represión da xustiza municipal. A miúdo os pseudónimos serán empregados indistintamente para encubrir a un ou outro autor, aínda que Manuel García Barros, prolífico inventor de alcumes, usará comunmente: Fabricio Claridades, Fulminante, M. Garcés Barroso, Fabio Lucio, Juan Verdades, Xan da Ulla (tamén usado por Muíños), Un vecino de Callobre...

Con todo, o pseudónimo polo que é máis coñecido e que só se asocia a el é Ken Keirades, que utilizará máis adiante.

Quen comparte o pseudónimo Xan da Ulla con García Barros é Manuel Muíños Graña, sobre quen escribiu o mestre Olimpio Arca Caldas na publicación *Tabeirós Terra* (nº IV, xuño de 1998, p. 16-17). Muíños, segundo indica Arca, nacera no lugar de Xesteira (San



Celebración en Santiago do patrón dos xornalistas, San Francisco de Sales, a mediados da década de 1960. Na fileira superior, pola esquerda: Jesús Rey-Alvite, Benjamín Vázquez, Ángel Botana e José Travieso. Na fileira inferior: Manuel Castiñeiras, o alcalde compostelán Francisco López Carballo, Rodrigo Varela, Diego Bernal e José Rey-Alvite. Imaxe do Arquivo de *El Correo Gallego*

Lourenzo de Almofrei, Cerdedo-Cotobade, antigamente no concello de Cotobade) pero fora veciño do lugar de Outeiro, na parroquia estradense de San Miguel de Moreira, durante máis de setenta anos, e traballou como chófer, agricultor e gandeiro, sendo ademais colaborador do periódico *El Estradense*, quizais pola súa amizade con García Barros.

O terceiro usuario do pseudónimo foi o xornalista José Rey-Alvite Feás, tamén coñecido como Pepe Alvite e José Rey Feás, e que ademais daquela usou o de Yersaef. Naceu en Santiago de Compostela o 29 de abril de 1919 e finou na mesma cidade o 14 de xuño de 1991, segundo os datos da Galipedia¹. Era fillo do xornalista Jesús Rey Alvite (1878-1941) e de Concepción Feás Mourelle e irmán do tamén xornalista Jesús Rey-Alvite (1908-1979), máis coñecido como Jesús Alvite.

¹ Galipedia. «José Rey-Alvite Feás». Recuperado de: https://gl.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9_Rey-Alvite_Fe%C3%A1s, consultado a 14 de xullo de 2023.

José colaborou en medios escritos como o xornal vigués *El Pueblo Gallego*, os composteláns *La Noche* e *El Correo Gallego* e o coruñés *La Voz de Galicia*. Foi colaborador na compostelá Radio Galicia, onde empregou o alcume de Xan da Ulla, e así mesmo foi empregado da delegación territorial de Televisión Española en Galicia.

Raimundo García Domínguez, Borobó, quen dirixiu o periódico vespertino compostelán *La Noche* desde 1946 e *El Correo Gallego* desde 1960, recordaba así a figura do xornalista:

Pepe Alvite era a figura máis importante da radio da época. Colaboraba tanto na radio coma na prensa e escribía tan rápido como lle daba a máquina, así que era capaz de encher unha páxina enteira dun xornal con calquera cousa porque era o home que máis dominaba a información de Santiago, ademais de ser un mestre da improvisación radiofónica, como demostrou en moitas ocasións.

(ÁLVAREZ, Aser. *Historias de Radio Galicia*. Santiago, Radio Galicia, 2013. p. 39).

O irmán maior do xornalista, Jesús, continuou na posguerra coa publicación dos programas das Festas do Apóstolo Santiago que antes fixera seu pai, que eran a un tempo unha guía da cidade e que achegaban interesantes textos, ilustracións e fotografías sobre a capital de Galicia, nun formato de folleto con páxinas sen numerar. É precisamente na publicación *Fiestas del Apóstol. Año 1951* onde atopamos o único texto que coñecemos protagonizado por Xan da Ulla, que ten a particularidade de que as intervencións do personaxe están en lingua galega, algo rechamante porque neses anos da posguerra o uso do galego na escrita era moi escaso, como xa sabemos. Neses anos, por certo, tamén se popularizaron outros dous alcumes co nome Xan: Xan das Bólas, alcume do actor e humorista Tomás Ares Pena (1908-1977) e Xan das Canicas, o pseudónimo do tamén actor e humorista Francisco Calvo Guerra (1926-2000).

O texto onde atopamos o alcume Xan da Ulla foi redactado para publicitar a tenda de moda Onbre, que se encontraba na Praza de Galicia compostelá, no final da rúa do Hórreo. Pensamos que é interesante reproducilo completo, dado que non coñecemos ningún outro protagonizado polo personaxe. Precedido polo antetítulo «Onbre, Confecciones», titúlase *Al habla con Xan da Ulla* e di así:



O sábado 29 de xaneiro de 1966 José Rey-Alvite recibiu do reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Ángel Jorge Echeverri, o distintivo de colexial de honra do colexio maior compostelán Generalísimo Franco, actualmente Rodríguez Cadarso. Imaxe do Arquivo de *La Noche*

Aunque «Xan da Ulla» tiene con quien redacta estas líneas lazos de consanguinidad, entrambos median discrepancias y son corrientes cuando trenzamos la conversación. «Xan da Ulla», el personaje locutor festivo de Radio Galicia, se dispone –así nos lo anunció– a hablar de modas en la emisión del Día del Apóstol.

– ¿Te atreves con tu atuendo lugareño orientar al público en modas?

Omitió la respuesta. Pero en su gesto, ¡qué expresivo!...

– ¿Es que estás capacitado para ser con tus palabras árbitro de un consejo?

Otro silencio y reiterado gesto.

– ¿Por qué tu empeño en hablar del Establecimiento sito en la calle del Hórreo, si nunca te vemos con las prendas que recomiendas en tus charlas?

«Xan da Ulla» nos fulminó con el dardo de otra mirada y refunfuñando, más aullando frases, se fué para su retiro. Tardamos más de un mes en volver a hilvanar la conversación con él.

– Pero, ¿eres tú?

Sonreía y no respondía.

– ¿Es posible que te hayas transformado en la forma que te muestras?

Su prestancia y atuendo nos dejaba suspensos de admiración.

– Recorrio, xa reventaba tanta incredulidad nas verbas que tiña. ¿Me ves feito un señorito?

– Claro, que sí.

– Pois, aínda teño mais sorpresas para todos. No vran, lucirei cómodas chaquetas e no inverno, xa veredes mais. O secreto de todo, está nas Confeccións Ombre.

– ¿Hombre?

– Suprime a ache, hirman. E pon Onbre, que che irá moito millor si mercas toda a roupa alí, na calle do Hórreo.